



A VOLTAS COA CRÍTICA LITERARIA


Cara un novo paradigma?

Obradoiro impartido por **Blanca Riestra**

FUNDACIÓN



LUIS SEOANE



A crítica literaria é, na actualidade, esa pantasma ineludible, que ningúen entende nin é quen de definir, unha práctica ameazada polas transformacións sociais, pola perda de prestixio e as sospeitas de instrumentalización.


Tradicionalmente existen dous tipos de crítica. Dun lado, temos o exercicio académico de análise de textos, debedor da Teoría da Literatura, fillo dos estudos estilísticos, que foi sacudido polo post-estruturalismo, polo marxismo e os estudos culturais. Esta crítica académica – que tamén esta sometida aos vaivéns ideolóxicos e aos cambios de marco teórico – pouco ten que ver co segundo tipo de crítica, a recensión literaria de prensa, aquela publicada nos suplementos culturais, que, dun tempo para acó se ve dramáticamente lastrada pola súa falta de seriedade.

Fronte a estas dúas prácticas, a académica e a xornalística, exploraremos a alternativa prometedora dunha crítica máis profunda, ambiciosa teóricamente, e independente, exercida por profesionais alleos aos medios tradicionais, a través de blogs persoais, que propoñen unha maneira distinta de ler literatura e valorala.

OBXECTIVOS

O obradoiro pretende proporcionar un marco teórico que poida servir de axuda a aqueles que queiran entender como lectores o procedemento crítico e valoralo, así como entender as relacións entre crítica, ideoloxía, manipulación e política.

Tamén o obradoiro pode servir como introdución á investigación, no eido literario ou noutros, e a todos aqueles que queiran emprender algunha actividade crítica, no seo da Academia, ou de maneira independente.



PROGRAMA

- Sesión 1.** Unha premisa: a crítica literaria ao longo da historia. Da estilística aos Estudos culturais.
- Sesión 2.** Impresionismo: Baudelaire, Azorín, etc.
- Sesión 3.** Estilística. Dámaso Alonso, Amado Alonso.
- Sesión 4.** As recensións: azar, sexismo e imprecisión.
- Sesión 5.** As recensións: o caso de Ignacio Echevarría e a súa crítica de Bernardo Atxaga.
- Sesión 6.** A crítica feminista na Academia: Marta Álvarez e Isabelle Touton.
- Sesión 7.** Internet. A nova crítica, a medio camino entre recensión e Academia. Vicente Luis Mora, Andrés Ibáñez.
- Sesión 8.** Internet. A nova crítica, entre impresionismo e diagnóstico social: Lector malherido, Manuel Vilas.

BIBLIOGRAFÍA

Eagleton, Terry. **Introdución á teoría da literatura**
Lodge, David. **A arte da ficción**

METODOLOXÍA

A metodoloxía de traballo oscilará entre o teórico e o práctico. A profesora propondrá conceptos, lecturas e formulará temas e conflitos. En cada sesión, discutirase sobre un exemplo concreto de texto crítico, tratando de ofrecer unha visión comprensiva da evolución do xénero, dentro das evidentes limitacións temporais.

DESTINATARIOS

Adultos interesados na crítica literaria e estudantes universitarios que desexan iniciarse na investigación.

PLAN DE TRABAJO

O obradoiro consistirá en 9 sesións dunha duración de 90 minutos cada unha.

DATAS

19 e 26 de outubro
2, 9, 16, 23 e 30 de novembro
4 e 14 de decembro

PREZO 75 euros

INSCRICIÓN

Para acceder e descargar a ficha de inscrición, escanear o código QR >>>>





Foto: Bernardo Villanueva

SOBRE BLANCA RIESTRA

Blanca Riestra (A Coruña, 1970) doutorouse *summa cum laude* en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Borgoña en 2000 cunha tese sobre o poeta Juan Larrea.

Publicou once novelas –**Anatol y dos más** (1996), **La canción de las cerezas** (2001), Premio Ateneo Joven de Sevilla; **El Sueño de Borges** (2005), Premio Tigre Juan; **Todo lleva su tiempo** (2007), finalista do Premio Fernando Quiñones; **Madrid blues** (2008), **La noche sucks** (2010), **Vuelo diurno** (2012), **Pregúntale al bosque** (2013), Premio Ciudad de Barbastro; **Greta en su laberinto** (2016), Premio Torrente Ballester; **Noire Compostela** (2016), Premio de Novela por entregas da Voz de Galicia; **Últimas noches del edificio San Francisco** (2020), Premio Ateneo de Sevilla– e un poemario, **Una felicidad salvaje** (2010).

Foi directora executiva do Instituto Cervantes de Albuquerque (EEUU), subdirectora da Escola de Artes e Humanidades e profesora de literatura, lingüística e escritura creativa en IE University, Saint Louis University; en Madrid, La Sapienza en Roma, CESUGA, en A Coruña; e profesora convidada na Universidad de Sevilla e na Universidade de Franche-Comté.

Desde 2018, dirixe a colección de literatura hispánica «Versión Celeste» da editorial francesa **Orbis Tertius**.

Na actualidade vive na Coruña, onde ensina francés no IES Neira Vilas.

FUNDACIÓN  **LUIS SEOANE**

Rúa San Francisco 27. 15001 A Coruña.
Tel. 981 216 015. Fax 981 216 379.
Email: info@fundacionluisseoane.gal